



XUNTA  
DE GALICIA

---

# PLAN XERACIÓ CULTURA 2023

---

## Contexto

Os últimos anos foron difíciles para o sector cultural debido **á situación derivada da covid-19**. O escenario mudou considerablemente nos últimos meses grazas ao **remate das restricións** máis severas, o que posibilitou un maior **dinamismo e normalidade** na oferta, que tivo como **apoxeo un verán de 2022** de plena normalidade.

A este dinamismo contribuíu poderosamente a celebración do **Xacobeo 21-22**, que achegou ofertas, recursos e programacións por toda Galicia.

As cifras convidan a un certo optimismo:

- 1 O sector cultural supón o **3 % do PIB galego** e un **3,6 % do emprego**  
.....
- 2 Segundo os datos ofrecidos polo Observatorio do Consello da Cultura Galega, hai **35.400 persoas** que traballan na cultura, **500 máis** que no primeiro trimestre de 2022  
.....
- 3 Este dato vén acompañado dun aumento na **creación de empresas**, que medrou un 3%  
.....
- 4 Ademais do **incremento nas exportacións** dos nosos produtos culturais e o crecemento na **confianza dos consumidores**

## Contexto

No contexto da pandemia, a Xunta de Galicia sempre deu **prioridade** á **continuidade das iniciativas** culturais e á **salvagarda do tecido profesional** que, ademais de ser determinante para a economía, é un factor diferencial da nosa identidade como pobo. Por iso, fomos os **primeiros en ofrecer** unha resposta rápida e eficaz co **Plan de Reactivación Cultural** e con medidas posteriores de apoio como o **Hub Audiovisual**, o **Bono Cultura** ou a iniciativa **Territorio Cultura**.

Agora, a Xunta insiste na súa **petición ao Goberno central** da posta en marcha dun **PERTE** da cultura para impulsar en Galicia un **sector con capacidade de transformación económica** e para xerar **benestar e cohesión social**. Este PERTE permitirá impulsar os 19 proxectos culturais —vinculados ao patrimonio, museos, a música ou o audiovisual—, realizados coas achegas dos colectivos implicados, institucións, agrupacións cidadás, entidades e as diversas administracións.



## Balance 2022

Balance da actividade cultural promovida pola Xunta de Galicia en 2022:



Préstamos na Rede de Bibliotecas: **1.590.252**



Participantes nas actividades culturais da Cidade da Cultura: **168.087**



Número de actividades nos museos: **1.468**



Funcións Rede Galega de Teatros e Auditorios: **527**



Actividades da Rede de Dinamización Lingüística: **417**



Actuacións Cultura no Camiño: **292**



Funcións do Centro Dramático Galego: **265**



Actuacións na Rede Galega de Salas: **200**




Proxeccións na Filmoteca de Galicia: **123**



Concertos en Rede Galega de Música ao Vivo : **74**



Intervencións en bens patrimoniais: **74**



Festivais subvencionados ou apoiados: **49**



Actuacións arqueolóxicas executadas: **34**



Funcións do Centro Coreográfico Galego: **20**

## Impacto económico

O impacto económico da cultura é palpable en todos os ámbitos como proban diversos estudos realizados pola Universidade de Santiago. É o caso do impulso das rodaxes en Galicia. As primeiras producións subvencionadas pola Xunta a través do **Hub Audiovisual** da Industria Cultural xeraron un impacto económico total, directo e indirecto en Galicia de **máis de 15 millóns de euros**.

Tamén no caso dos festivais musicais, que se consolidan como auténticos polos de atracción turística, cultural e económica. Proba disto é que 13 festivais adheridos a **Fest Galicia** xeran un impacto socioeconómico de **case 40M€**.



## Visión

As políticas culturais son un dos principais elementos de **achega positiva** para a **sociedade**, a **economía** e a **proxección de Galicia**.

A importancia da cultura maniféstase tanto na súa dimensión social, co potencial que ofrece para o benestar das persoas e a cohesión social, como **elemento de identidade e orgullo**; como na dimensión económica, pola importancia que para o **emprego**, a **innovación** e o **crecemento** representan as industrias creativas e culturais.

O **Plan Xeración Cultura 2023** pretende deseñar o plan operativo para renovar o impulso cultural de Galicia e **acompañar e ampliar o gran momento de creación e expansión** do sector, cuxo recoñecemento e implantación é crecente tanto dentro como fóra de Galicia:

- 1 Nun contexto caracterizado pola necesidade de seguir co crecemento do sector e a preparación para afrontar **novos retos empresariais, de acceso e modernización** nun **escenario post-Xacobeo**, celebración que apoiou dun xeito determinante a creación cultural  
.....
- 2 Coa determinación de **fortalecer o tecido industrial** e patrimonial vencellado ao sector, para o que Galicia ten solicitado a convocatoria dun PERTE específico para o ámbito da cultura por parte do Goberno central

## Obxectivos

O **Plan Xeración Cultura 2023** susténtase nos seguintes obxectivos estratéxicos:

- 1 Mellorar o **acceso á cultura** dos galegos/as con independencia da súa **situación persoal** e en todo o territorio, tanto urbano como **rural**  
.....
- 2 Apoiar o **desenvolvemento das industrias creativas** e culturais especialmente nos ámbitos da **innovación** e **dixitalización**  
.....
- 3 Mellorar as **infraestruturas** culturais e do **legado** material e inmateral
- 4 Promover a **creatividade** e a **diversidade** cultural en todas as súas facetas  
.....
- 5 Incentivar a **formación** dos profesionais do sector  
.....
- 6 Actualizar e adaptar o **marco normativo** da cultura aos **novos tempos**

# Eixes

As actuacións organizaranse en torno a 5 eixes



**Acceso universal á cultura**  
.....



**Apoio á creación e aos novos talentos**  
.....



**Innovación, dixitalización e modernización**  
.....



**Infraestruturas e legado cultural**  
.....



**Proxección exterior, internacionalización e formación**



## Liñas de actuación

Para acadar os seus obxectivos o Plan desenvolverá accións que impliquen unha ou máis das seguintes liñas de actuación:

- 1 Apoio financeiro a artistas e creadores/as culturais:** este soporte poderá darse a través de convocatorias de subvencións, bolsas, residencias artísticas, programas específicos, etc.  
.....
- 2 Promoción da creación cultural a través da súa difusión:** a través o apoio á **programación** cultural en todo o territorio, segundo as distintas **tipoloxías** de infraestruturas e en diferentes **formatos**.
- 3 Desenvolvemento de programas de formación e capacitación** para artistas, creadores e xestores culturais: poderán ser presenciais, dixitais ou híbridos, con preferencia pola exploración de novos formatos.  
.....
- 4 Apoio aos plans e actividades que promovan o acceso da poboación á cultura:** mediante programas de educación e actividades culturais para todas as idades e os que apoien a grupos culturais marxinados ou infrarrepresentados.

## Liñas de actuación

- 5 Impulso ao fomento das **tecnoloxías dixitais para a creación, difusión e conservación** da cultura: inclúense todas aquelas actividades destinadas á investigación e desenvolvemento de novas formas de creación e expresión cultural.  
.....
- 6 Promoción da preservación e protección das infraestruturas e o legado cultural: **museos, bibliotecas, arquivos, fundacións, teatros, auditorios...**, así como do patrimonio que custodian.
- 7 **Proxección exterior e internacionalización** a través de **intercambios** culturais, programas e proxectos conxuntos de creación e promoción con artistas e creadores doutras CCAA ou doutros países, así como de **estadías e residencias**.  
.....
- 8 Mellora integral da **acesibilidade e a participación**: para o cal se favorecerá, en primeira instancia, a acesibilidade por defecto e desde o deseño e, cando isto non fose suficiente, a adaptación mediante axustes razoables.



## Eixe 1: Acceso universal á cultura

16.229.413€

**Dirixido a:** ▶ Persoas, con carácter universal: tanto consumidoras como creadoras

---

**Alcance:** ▶ Apoio a todo tipo de programación e redes de difusión da cultura, tanto de titularidade pública (das diferentes administracións) como privada.

---

### Accións

- ▶ Programación en centros de titularidade ou xestión da Xunta de Galicia: bibliotecas, museos, arquivos, Fundación Cidade da Cultura, Centro Dramático Galego, Filmoteca de Galicia, Centro Coreográfico Galego...
- ▶ Nova Rede de dinamización de centros culturais do rural
- ▶ Novo programa de Bibliotecas Móviles de Galicia
- ▶ Programa de dinamización da lectura en bibliotecas
- ▶ Dotación de fondos e colección para as bibliotecas públicas de Galicia
- ▶ Creación do Observatorio da cultura inclusiva e accesible
- ▶ Programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios
- ▶ Programación da Rede de Dinamización Lingüística
- ▶ Celebración de efemérides culturais
- ▶ Orquestra Sinfónica de Galicia
- ▶ Real Filharmonía de Galicia



## Eixe 1: Acceso universal á cultura

16.229.413€

### Axudas

- Apoio ás feiras do libro de Galicia
- Axudas a editoriais
- Axudas a concellos
- Axudas Territorio Cultura
- Axudas á programación en cines
- Axudas a festivais audiovisuais
- Axudas a salas escénicas
- Axudas a festivais de artes escénicas

### Impulso normativo:

- Nova Lei de Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia

### Plans:

- Plan de dinamización da cultura
- Plan de dinamización da lectura
- Plan de danza



## Eixe 2: Apoio á creación e aos novos talentos

5.517.931€

**Dirixido a:** ▶ Profesionais da creación cultural: creadores, industrias culturais, servizos técnicos, apoio ao talento, etc.

---

**Alcance:** ▶ Todos os ámbitos da creación cultural: danza, teatro, audiovisual, libro, música, etc

---

**Accións**

- ▶ Lanzamento da Galicia Film Commision
- ▶ Programa de Residencias Creativas da Cidade da Cultura
- ▶ Aceleradora de proxectos musicais Sonemerxente
- ▶ Programa de apoio a creación e talento Illa San Simón

---


**Axudas**

- ▶ Axudas á produción audiovisual
- ▶ Axudas para a creación escénica
- ▶ Axudas ao desenvolvemento audiovisual
- ▶ Axudas á edición e tradución
- ▶ Axudas ao talento audiovisual

---

**Plans** ▶ Plan de apoio a creadores culturais

---



## Eixe 3: Innovación, dixitalización e modernización

3.118.945€

**Dirixido a:** ▶ Industriais tecnolóxicas e dixitais, investigación e desenvolvemento tecnolóxico, industrias culturais, administración pública

**Alcance:** ▶ Todas as infraestruturas culturais. ▶ Especial atención ás tecnoloxías emerxentes (Intelixencia artificial, realidade virtual e aumentada, etc.) e aos formatos libres e abertos.  
▶ Todos os eidos de presenza da cultura: físico e dixital.

**Accións**

- ▶ Novo Centro de Artes Dixitais na Cidade da Cultura de Galicia
- ▶ Proxecto de dixitalización Memoria e concordia
- ▶ Galiciana. Arquivo, Biblioteca e Patrimonio Dixital de Galicia
- ▶ Proxecto de toponimia Galicia Nomeada
- ▶ Dixitalización e internacionalización do sector do libro
- ▶ Dixitalización e documentación de bens culturais
- ▶ Dixitalización de fondos da Filmoteca de Galicia

**Impulso normativo**

- ▶ Nova Lei da Cultura Dixital



## Eixe 4: Infraestruturas e legado cultural

**7.059.157€**

**Dirixido a:** ▶ Profesionais do ámbito da conservación e restauración de bens, administracións públicas e particulares

---

**Alcance:** ▶ Todo o patrimonio material (construído, obxectos, sendas, etc) e inmaterial (lingua, etnografía...)

---

### Accións

- ▶ Programa de infraestruturas culturais
  - ▶ Mellora e acondicionamento da Illa de San Simón
  - ▶ Ampliación do Museo Massó
  - ▶ Creación dun observatorio da innovación do patrimonio cultural
  - ▶ Rehabilitación Casa María Antonia Dans
  - ▶ Museo do Papel do Carballiño
  - ▶ Casa de Don Álvaro
- 

### Axudas

- ▶ Modernización e xestión infraestruturas artes escénicas e musicais
- ▶ Dotación de equipamentos que fomenten a innovación e competitividade
- ▶ Axudas centros museísticos
- ▶ Axudas arquivos
- ▶ Novas axudas para mellorar o patrimonio etnolóxico
- ▶ Axudas equipamentos culturais concellos



## Eixe 5: Proxección exterior, internacionalización e formación

2.019.300€

**Dirixido a:** ▶ Todos axentes relevantes na presenza da cultura galega no exterior e a súa valorización internacional

---

**Alcance:** ▶ Todas as manifestacións culturais nos seus distintos formatos e canles.

---

### Accións

- ▶ Participación nas feiras internacionais do libro
  - ▶ Asistencia creadores a eventos internacionais
  - ▶ Centros de Estudos Galegos
  - ▶ Novo Programa formativo a profesionais culturais
  - ▶ Bolsas Xunta-Fulbright
  - ▶ Bolsas Centro Ramón Piñeiro
  - ▶ Encontros Artistas Novos-CdC
- 

### Axudas

- ▶ Axudas á distribución das artes escénicas e música
  - ▶ Axudas de asistencia a foros e mercados audiovisuais
- 

### Plans

- ▶ Plan de acción cultural no exterior
- ▶ Plan de formación no ámbito da Cultura



**2**  
LEIS

**6**  
PLANS

**57**  
ACCIÓNS

**34M€**  
INVESTIMENTO



XUNTA  
DE GALICIA